

Proxecto "Comunidade, conflito e revolta en a Galiza rural do século XX"

GUÍA PARA A ELABORACIÓN DE FONTES ORAIS

APROXIMACIÓN Á DESIGUALDADE SOCIAL
NA GALIZA RURAL DO SÉCULO XX

Proxecto



COREGAL

Alba Díaz-Geada (coord.)

**GUÍA PARA A ELABORACIÓN DE FONTES ORAIS:
APROXIMACIÓN Á DESIGUALDADE SOCIAL NA
GALIZA RURAL DO SÉCULO XX**



Guía para a elaboración de fontes orais: aproximación á desigualdade social na Galiza rural do século XX © 2024 by Coordinación: Alba Díaz-Geada; Organización: Proxecto “Comunidad, conflicto y revuelta en la Galiza rural del siglo XX” (COREGAL) PID2020-117858RA- 100/AEI/10.13039/501100011033; Autoría: Lucía Alonso Alonso, Ana Cabana Iglesia, Lisandro Cañón Voirin, Alba Díaz-Geada, María José Enríquez García, Anjhara Gómez Rodríguez, Tamara López Fernández, Virginia Mosteiro Cagide, Sara Plaza Moreno, Vitor Gustavo Ribeiro de Matos is licensed under CC BY-NC-ND 4.0. To view a copy of this license, visit <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>



ÍNDICE DE CONTIDOS

Introdución | 1

As preguntas | 8

A ficha das persoas informantes | 13

Cuestións éticas e legais | 14

A preparación das entrevistas | 15

Transcrición e arquivo | 16

Algunha bibliografía e repositorios de interese | 17

1. INTRODUCCIÓN

Elaboramos este documento a partir do traballo conxunto, no marco do Proxecto de Investigación “Comunidade, conflito e revolta en a Galiza rural do século XX” – COREGAL PID2020-117858RA-100/AEI/10.13039/501100011033.

O Proxecto estrutúrase a través do estudo de tres eixos interrelacionados: a comunidade, o conflito e as desigualdades, na Galiza rural do século XX. O obxectivo deste documento é recoller as nosas reflexións sobre as posibles contribucións da fonte oral ao estudo destes aspectos, particularmente no referido á investigación das desigualdades. Tentamos, así, ofrecer un material que poida contribuír nos procesos de elaboración de fontes orais, a partir destas liñas de pescuda.

Faise preciso comezar, sequera brevemente, por recordar algunhas das características propias do traballo con fontes orais. En primeiro lugar, cómpre sermos

conscientes do proceso de construción da propia fonte, particularmente cando participamos da súa creación a partir da realización de entrevistas orais, mais tamén cando consultamos entrevistas realizadas por outras persoas. Así, a construción da fonte oral está atravesada por distintas mediacións: desde as que establecen as nosas mesmas preguntas de pesquisa; pasando polas que parten da relación que exista ou se estableza entre as persoas que participan das entrevistas; ata os condicionantes dos contextos e momentos de creación da fonte.

A fonte oral, ademais, constrúese a partir da memoria. Unha memoria que se atopa en permanente reconstrución, intermediada por distintas experiencias e distintos presentes. Unha memoria que non é, nin ten que ser, o relato fiel do pasado, senón unha reelaboración do mesmo, en constante mudanza. Atoparmos silencios, contradicións, paradoxos ou cambios no discurso, non invalida o testemuño co que traballamos.

Ben ao contrario, esas pausas,

omisións, confusións ou recreacións, son todos elementos que achegan claves interpretativas para comprender o noso obxecto de estudo. É necesario, desde logo, formarse tanto na escoita coma no traballo coa memoria e, por suposto, no coñecemento do tema a estudar (Portelli, 1989, 1990; Archila Neira, 1998: 286-292).

A memoria, non só nos permite achegarnos ás vivencias de tempos pasados, senón que informa na súa propia arquitectura. Doutro modo, non só o que recordamos, senón como o recordamos, fala da nosa historia colectiva, das comunidades e grupos aos que pertencemos e das mudanzas que experimentaron, que se expresan na maneira mesma de construírse os recordos (Varela, 2004: 261-262).

Na construción da memoria inciden os elementos relacionais e, tamén, a maneira como se perciben os tempos, e os distintos tempos a partir dos cales estruturamos os nosos recordos.

A biografía persoal ou a sucesión xeracional, adoitan servir de elementos organizadores, mais cabe o tempo histórico, que non sempre se percibe de maneira uniforme. Cómpre termos presente, neste sentido, que a concepción social do tempo ten mudado historicamente, e que non hai entre cientistas sociais unicidade na concepción do tempo histórico (E. P. Thompson, 1979: 239-292).

A fonte oral permítenos traballar coas subxectividades, recuperar as experiencias do pasado e reconstruír a historia da xente común (Lobato, 2011). Con esta expresión, quérese marcar unha diferenza respecto dunha forma de facer historia que excluía as maiorías e se cinguía aos grandes acontecementos das grandes personaxes. Non é casual, entón, que o desenvolvemento da historia oral acompañe o desenvolvemento da historia social contemporánea. Non implica o anterior, non obstante, que a historia oral sexa a ágora das clases populares (Schwarzstein, 1991:14, 2001: 74). A mediación da persoa historiadora pon en

cuestión que a historia oral poida ser unha práctica democrática por si mesma. Así e todo, son moitas as súas achegas para a historia dos sectores subalternos, e tamén para a historia dos sectores dominantes. En relación cos primeiros, visibles só nalgunhas marxes da documentación escrita producida maiormente por sectores dominantes, por veces torna case na forma única de dar coas súas voces.

A fonte oral inscríbese nun tipo de metodoloxía de carácter cualitativo. O seu adecuado tratamento, xunto co doutras fontes de estudo, pode permitírnos achegar coñecemento histórico ao camiñarmos do particular ao xeral, e ao situármonos nunha forma de construción de coñecemento situada na dialéctica individuo-sociedade (Thompson, 1988: 263-297; Bourdieu, 1989; Samuel, 1984: 48-70).

Achegándonos aos temas do noso estudo, a fonte oral, desde logo, pode axudarnos tanto na comprensión das percepcións do cambio social, coma no

estudo das comunidades, das desigualdades e das revoltas populares. Permite avanzar nas formas de concibir a comunidade, nas súas prácticas históricas e presentes. Posibilita, tamén, afondar nos procesos de diferenciación social interna e identificar formas de autoidentificación e categorización do outro, tanto no seo da comunidade coma fóra dela. O anterior, pode axudar á comprensión de autopercepcións de clase e de xénero, mais tamén á comprensión do propio suxeito comunitario. Pode contribuír, ademais, ao estudo das revoltas populares e da transmisión da súa memoria.

Sendo que os tres eixos mencionados -o común, as diferenzas, a revolta- non poden entenderse separadamente, centraremos este documento na elaboración de fontes orais para o estudo das desigualdades sociais na Galiza rural do século XX. A enunciación mesma merece varias aclaracións previas. Aínda que a proposta parte da investigación en contextos rurais, faise preciso poñer en cuestión as

fronteiras analíticas entre o rural e do urbano, así como explorar os distintos significados históricos do campo e da cidade (Williams, 1973), elementos ambos que, xunto co estudo dos procesos migratorios, se revelan chave na comprensión histórica das desigualdades sociais. Sobre este tema, para o caso galego, suxerimos a lectura dos traballos de Cardesín (1992, 1999, 2005).

2. AS PREGUNTAS

Neste documento imos centrar a proposta de elaboración de fontes orais a partir da modalidade da entrevista semiestruturada. Na práctica dunha entrevista deste carácter, o guiión de preguntas pode entenderse como un mapa ao que acudir cando precisemos recorrer a facer unha pregunta, porque o momento da entrevista así nolo require, ou porque nos quedase algún tema por tratar. A listaxe de preguntas que segue tenta fornecer dun banco de preguntas inicial, que ofrezca posibilidades adaptables a cada persoa entrevistada, para o noso contexto de estudo. Para dar cun mapa de preguntas máis amplo e detallado, suxerimos a lectura dos “Modelos de preguntas” de P. Thompson (1988, 325-335).

❖ Onde naceu vostede? Recorda como era o lugar? Naceron nesa casa os seus pais, os seus avós? (Ou as persoas con quen se criase) Naceron nese lugar? (Se non naceron nesa casa: De que casa viñan?) Como era a casa? (Por dentro e por fóra) Cantos espazos había e cal era o uso de cada un? Como era o aseo das persoas? Que animais criaban? Onde se gardaba cada un e cales eran os seus labores? A casa era da súa propiedade ou era arrendada?

❖ Recorda o tempo da guerra, ou da posguerra, ou contáronlle del? Que recorda dese tempo? Como vivían as xentes daquela? Recorda o *estraperlo* ou contáronlle del? En que consistía? (Se a persoa recorda ese tempo e subliña a memoria da fame: Cando e por que coida que foi mudando a situación?).

❖ Que comían? Pode contarnos dos momentos das comidas? (Quen comía con quen, en que momento, quen preparaba a comida, como se servía, quen recollía, como foron mudando pratos, culleres, fontes -louza?).

❖ Como era a roupa de diario? Cantas veces mudaban de roupa? Quen facía a roupa ou onde se compraba? E o calzado? Como era a roupa de domingo?

❖ Ían á misa? Onde sentaban cando ían á misa (sendo meniños e sendo máis grandes), como se ocupaban os bancos da igrexa? Recorda o tempo da Coresma? (Quen tiña que respectala, quen non, por que?) Como se facía cando alguén falecía? (Como eran os ritos e os lugares de enterramento duns e doutros segundo idade, xénero e clase social?).

❖ A que se dedicaban pais/nais, avós/avoas, madriña/padriño, bisavós/bisavoas? (Tanto traballo da terra, coma traballo de coidados, coma outro tipo de traballos temporais ou permanentes, asalariados e non asalariados).

Vivían outras persoas na casa, de xeito permanente ou temporal? Onde e por que?

❖ Como recorda a súa infancia? Foi vostede á escola? Por que si ou por que non? Onde? Quen ía e quen non? Quen continuou os estudos e quen non? Que traballos facían as crianzas? Todas as crianzas do lugar facían eses traballos? Que traballos facían os nenos e cales as nenas? A que xogaban? Tiñan xoguetes? Se si: Cales? Cales eran os espazos de xogo? Había lugares onde non se podía xogar? Por que? Como e con quen? Metíanlle medo con algo?

❖ Que labraban nas terras? Foron mudando co tempo os cultivos? Como se traballaba no monte? Cando e como foi mudando o seu uso? Que terras traballaban? (Eran propias, arrendadas ou ambas as dúas, quen lle levaba as terras ou a quen lle levaba as terras, cando e como foi accedendo á propiedade dalgunha ou vendendo algunha outra?).

❖ Que traballos tiñan que levar adiante? (Tanto no referido ao traballo da terra, coma a outros labores). En que consistían? De que se ocupaba cada persoa? Para que traballos se precisaba da axuda doutros veciños e veciñas? Para levar adiante cada un deses traballos, a quen se chamaba? Como se organizaban? Quen acudía a vostede cando había que sacar adiante algún traballo? A que casas era obrigado ir e a cales non? Cal era o papel de cada persoa en

cada traballo? Despois deses traballos, había tempos de lecer? Como eran en cada traballo? Quen participaba deses festexos ou xantares compartidos? Aínda non habendo tarefas en común, ía á casa dalgún veciño botar un anaco ao cabo do día? A que casas ía e non ía? Ou, quen viña e quen non, e por que?

❖ Como eran as festas cando era meniño/a e mozo/a? Onde ían para divertirse? Ían os homes e as mulleres aos mesmos lugares? Ían os ricos aos mesmos lugares ca os demais? Recorda dalgún conflito durante as verbenas? Se si, pode contarme diso? Como se preparaba para ir á festa? Había outros momentos nos que se vestise de xeito especial? Cales e por que? Como chegaban e con quen ían? Como era o moceo no seu tempo? Casou? A que idade e con quen? Non casou? Por que?

❖ Migrou vostede ou algún membro da súa familia? Por que? Por que non? En caso afirmativo, a onde? (En caso negativo, o mesmo pero para as persoas migrantes que recorde). A que se dedicou alá? Contaba volver e/ou volveu? Se retornou, que lle supuxo á familia esa experiencia migratoria? En caso de que a persoa migrante enviara remesas á casa, en que se empregaron? E en que se empregaron os aforros ao regreso, no caso de habelos? No caso dos retornados, onde regresaron? (Á mesma/a ou a outra aldea/parroquia/vila/cidade, por que?).

En que linguas se expresaban en cada contexto? Coñece casos dalgún outro veciño ou veciña migrado ou retornado?

❖ A que se dedicou de maior? Que mudanzas se deron no eido laboral? Seguiu participando dos traballos en común e das xuntanzas/*polavilas* cos veciños? Houbo mudanzas na casa? Cales? E no traballo da terra e cos animais? E nos tempos e espazos de lecer? Se tivo fillos/as, tiveron posibilidade de estudar ou aprender un oficio? A que se dedican?

❖ Durante a súa infancia, recorda se había alguén que mandase máis na aldea/vila? Quen e por que? Tiña algún cargo político? Habían quen lle protestase? Quen e por que? Mantiveron esas persoas o seu poder ao longo do tempo? E os fillos deles? Ao longo da súa vida, recorda algunha protesta colectiva da veciñanza?

3. A FICHA DAS PERSOAS INFORMANTES

FICHA CATALOGACIÓN INFORMANTES

Apelidos, Nome Entrevistador/a:

Data de realización da entrevista:

Apelidos, Nome Informante e pseudónimo:

Alcume da casa:

Data de nacemento:

Estado civil:

Lugar de nacemento:

Lugar de residencia:

Número de fillos e fillas:

Dedicación/traballo/traxectoria laboral:

Apelidos, Nome do pai:

Lugar de nacemento:

Dedicación/traballo/traxectoria laboral:

Apelidos, Nome da nai:

Lugar de nacemento:

Dedicación/traballo/traxectoria laboral:

Nome das irmás e dos irmáns:

Dedicación/traballo/traxectoria laboral de cada un deles

Apelidos, Nome do marido ou da muller:

Dedicación/traballo/traxectoria laboral:

Apelidos, Nome do avó paterno:

Dedicación/traballo/traxectoria laboral:

Apelidos, Nome da avoa paterna:

Dedicación/traballo/traxectoria laboral:

Apelidos, Nome do avó materno:

Dedicación/traballo/traxectoria laboral:

Apelidos, Nome da avoa materna:

Dedicación/traballo/traxectoria laboral:

Observacións:

4. CUESTIÓN S ÉTICAS E LEGAIS

Neste apartado remitimos ao recollido na *Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*, así como aos requirimentos establecidos polo Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela. Pode consultarse tamén en acceso aberto o “Protocolo de tratamento de datos persoais na recompilación de fontes orais para investigadores” (Gómez, 2024).

5. A PREPARACIÓN DAS ENTREVISTAS

Para elaborar entrevistas orais, amais de formarse nos temas obxecto de estudo e no traballo coa memoria, é preciso un coidadoso traballo de preparación. Recollemos na bibliografía algunhas referencias que poden sernos de axuda na fase de preparación. É necesario coidar o contacto previo coa persoa entrevistada, explicar de maneira clara por que queremos facerlle unha entrevista, acordar un lugar adecuado e tomar o tempo que faga falta antes de comezar o rexistro.

Durante a entrevista, cómpre sabermos preguntar, formulando preguntas que conviden á narración e respectando os tempos e momentos da fala da persoa entrevistada. Cómpre tamén sabermos escoitar, mantendo a atención no relato que se nos comparte e acompañando o seu decurso. Convidamos a que a entrevista se realice en varias sesións, que se vaia dando conta á persoa entrevistada da evolución da investigación e que se compartan con ela os resultados.

A entrevista non debe ser o fin dunha recolleita, senón o comezo dun proceso de coñecemento compartido.

6. TRANSCRICIÓN E ARQUIVO

Unha vez realizadas as entrevistas, cómpre proceder á súa transcripción. O exercicio, laborioso, da transcripción, permitiranos un detido proceso de re-escoita da entrevista, que servirá á vez de análise previa. No referido ao arquivo da fonte, deberá atenderse ao requirido conforme á *Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales*, e ao establecido polo Comité de Bioética da USC.

7. ALGUNHA BIBLIOGRAFÍA E REPOSITARIOS DE INTERESE

As referencias bibliográficas sobre fonte oral son abondosas, polo que a selección que segue non pretende ser exhaustiva. Remitimos á bibliografía das obras citadas, para paliar as limitacións desta escolma.

Respecto das características da fonte oral e do traballo coa memoria, citamos os traballos de: Archila Neira, Mauricio (1998) “Fuentes orales e historia obrera”, en Lulle, Thierry; Vargas, Pilar e Zamudio, Lucero (coords.) *Los usos de la historia de vida en las ciencias sociales I*, Barcelona: Anthropos, 281-296; Bourdieu, Pierre (1989) “La ilusión biográfica”, *Historia y Fuente Oral*, 2, 27-33; Lobato, Zaida (2011) “La historia de la gente común”, charla-debate ¿Dar voz a los sin voz? Los orígenes de la historia oral en la Argentina, Archivo Oral “Subjetividad, política y oralidad” da Biblioteca Utopía e a Asociación de Historia Oral de la República Argentina (AHORA), 23 de agosto de 2011; Portelli, Alessandro (1990) “Forma y significado de la representación histórica. La batalla de Evarts y la batalla de Crummies (Kentucky: 1931, 1941)”, *Historia y Fuente Oral*, 4, 79-99 e (1989) “¿Historia Oral? Historia y memoria: la muerte de Luigi

Trastulli”, *Historia y Fuente Oral*, 1, 5-32; Samuel, Raphael (1984) “Historia y Teoría”, en Samuel, Raphael (ed.) *Historia popular y teoría socialista*, Barcelona: Crítica; Schwarstein, Dora (2001) “Historia oral, memoria e historias traumáticas”, *História Oral*, 4, 73-83 e Schwarstein, Dora (1991) *La historia oral*. W. Moss, A. Portelli, R. Fraser y otros, Buenos Aires: Centro Editor de América Latina; Thompson, Paul (1988) *La voz del pasado. Historia oral*, València: Edicions Alfons el Magnànim. Institució Valenciana d’Estudis i Investigació; Varela, Julia (2004). A Ulfe: *Socioloxía dunha comunidade rural galega*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco. Neste primeiro apartado, mencionamos tamén a obra de Edward Palmer (1979) “Tiempo, disciplina de trabajo y capitalismo industrial”, en Thompson, Edward Palmer, *Tradición, revuelta y consciencia de clase. Estudios sobre la crisis de la sociedad preindustrial*, Barcelona: Crítica e Williams, Raymond (2001) *El campo y la ciudad*, Buenos Aires: Paidós.

Sobre as desigualdades sociais na Galiza do século XX, mencionamos os traballos de José María Cardesín (1992) *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega (S. XVIII-XX): muerte de unos, vida de otros*,

Madrid: Ministerio de Agricultura Pesca y Alimentación, (2005) “La sociedad gallega en el franquismo”, en De Juana, Jesús e Prada, Julio (coords.) *Historia contemporánea de Galicia*, Barcelona: Ariel, (1999) “Mercado, Estado e aldea: a construción do campesiñado en Galicia”, en Gondar Portasany, Marcial (coord.) *O feito diferencial galego. Antropoloxía III*, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Para o contexto galego, tamén: Cabana Iglesia, Ana (2011) "Memoria colectiva y 'Revolución Verde'. Más allá del cambio productivo y ecológico", en Lanero, Daniel e Freire, Dulce (coords.) *Agriculturas e innovación tecnolóxica en la Península Ibérica (1946-1975)*, Madrid: Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino, 191-212. Sobre o tempo da fame: Conde Caballero, David e Mariano Juárez, Lorenzo (2019) *Cuando el pan era negro. Recetas de los años del hambre en Extremadura*, SEPAD e Junta de Extremadura.

Para o guiión de preguntas, seguimos o clásico de Paul Thompson (1988) *La voz del pasado. Historia oral*, València: Edicions Alfons el Magnànim. Institució Valenciana d'Estudis i Investigació.

No referido ás cuestións éticas e legais, remitimos a Anjhara Gómez (2024) “Protocolo

de tratamento de datos persoais na de recopilación de fontes orais para investigadores”, Proxecto COREGAL, dispoñible en acceso aberto).

Ao momento de preparar a entrevista, algunhas referencias: Hammer, Daen e Widansky, Aaron (1990) “La entrevista semiestructurada de final aberto. Aproximación a una guía operativa”, *Historia y Fuente Oral*, 4, 23-61; Llona, Miren (2012) *Entreverse: teoría y metodología práctica de las fuentes orales*, Bilbao: Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco; Pantaleón Cadilla, Xurxo e Rey Tristán, Eduardo (2006) Guión para la elaboración de una fuente oral, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Sobre o traballo coa memoria e a importancia de saber dar as grazas, aprendimos moito con: Ana Cabana: “As fontes orais como ferramenta para a investigación en Historia Contemporánea. Metodoloxía, debilidades e relevancia” e Celso Fernández Sanmartín: “O lugar do relato biográfico das persoas maiores nos mundos de hoxe” (II Seminario COREGAL, 24 de outubro de 2022).

Son moitos os repositorios de interese para a pesquisa sobre desigualdades sociais a partir da fonte oral: Proxecto Terra & Memoria (<https://www.terraememoria.usc.gal/>);

Archivo de Fuentes Orales para la Historia Social de Asturias - AFOHSA (<https://www.unioviado.es/AFOHSA/>);
Mujeres y Memoria (<https://www.ucm.es/fuentesorales/mujeres-y-memoria>).